A Historia da Literatura Galega 04

Cantigas de Santa María e outros xéneros menores

La Voz de Galicia

A HISTORIA DA LITERATURA GALEGA

- UN PROXECTO EDITORIAL DE ERA PUBLICACIONES, S.L.
- COORDINADOR XERAL: JOSÉ ANTONIO PONTE FAR

Textos: Mª Luz Ínsua Ramil, Mª Eva Ocampo Vigo, Esperanza Piñeiro de Sanmiguel, José A. Ponte Far e Áurea Ramil Díaz

Corrección lingüística:
Mª Luz Ínsua Ramil e Áurea Ramil Díaz

Deseño: M. Malvido
Maquetación e montaxe:
Mª Teresa Puga, María G. Grandal
Produción: Irene Montero, Raquel G. Amarelle, Lucía Taboada, Pilar Freire, Silvia Valdés, Ana E. Martínez

Fotografía: Octo Gráfica

Cantigas de Santa María (T.I.1), f. 32v, 227v e 170v. © Patrimonio Nacional (páxinas 7, 13, 14, 16, 18, 19, 21, 22, 23, 27, 31 e portada).

Códice dos músicos, f. 162r. © Patrimonio Nacional (páxina 11).

El ángel de la trompeta, Beato de Liébana, códice de San Pedro de Cardeña, f. 11B. © M. Moleiro Editor (páxina 55).

Beato de Liébana, códice do mosteiro de San Andrés de Arroyo, f. 70v. © M. Moleiro Editor (páxina 56).

Colaboración gráfica especial:
M. Moleiro Editor

Agradecementos: Real Academia Galega e Real Biblioteca del Escorial

Edita: © Era Publicaciones, S.L.
© desta edición: La Voz de Galicia, S.A.

Imprime: Imprenta Mundo
Depósito Legal: C 1594-2010
ISBN: 978-84-96561-26-7

A Historia da Literatura Galega 04

CANTIGAS DE SANTA MARÍA E OUTROS XÉNEROS MENORES

La Voz de Galicia

Índice

7 1. AS CANTIGAS DE SANTA MARÍA
10 1.1. As fontes das *Cantigas de Santa María*
12 1.2. Clasificación das *Cantigas de Santa María*
12 1.2.1. As cantigas líricas ou de encomio á Virxe
18 1.2.2. As cantigas narrativas ou de milagres

29 2. OUTROS XÉNEROS POÉTICOS MENORES
29 2.1. A pastorela
31 2.2. A tenzón
33 2.3. O pranto
34 2.4. O descordo

37 3. A PROSA MEDIEVAL
40 3.1. Clasificación temática
41 3.1.1. Ciclo clásico ou troiano
44 3.1.2. Ciclo artúrico ou bretón

49 4. A HISTORIOGRAFÍA
50 4.1. Temática
50 4.1.1. A Crónica Xeral Galega
51 4.1.2. A Xeral Historia
51 4.1.3. A Crónica Xeral de 1344
51 4.1.4. A Crónica Xeral Galega de 1404
52 4.1.5. A crónica de Santa María de Iria
52 4.1.6. Os libros de Liñares

55 5. A HAXIOGRAFÍA

59 6. BIBLIOGRAFÍA DOS TOMOS 1 A 4



As *Cantigas de Santa María* atópanse escritas en catro códices do século XIII

AS CANTIGAS DE SANTA MARÍA 1

Están constituídas por máis de 400 composicións creadas persoalmente e escritas baixo a supervisión do rei Afonso X o Sabio, que gobernou en Castela e León entre 1252 e 1284. O rei Sabio pasara tempadas da súa infancia en Galicia, onde aprendeu o fala galega, considerada por el como máis doce e apropiada para a poesía.

A obra do rei Sabio foi obxecto de continuas reelaboracións, polo que os estudosos deste tema aínda atopan algunhas lagoas en canto á elaboración desta obra poética.



Portada do facsímile do *Códice de Toledo*, editado polo Consello da Cultura Galega

As *Cantigas de Santa María* atópanse escritas en catro códices do século XIII. A maioría dos poemas van acompañados de representacións plásticas e música.

Os códices que se conservan son os seguintes:

1. O *Códice do Escorial (I)*

A primeira das dúas coleccións que se gardan no Escorial contén preto de 200 canti-

gas con anotacións musicais e miniaturas que representan un verdadeiro tesouro iconográfico e pictórico.

2. O *Códice de Toledo*

Contén 128 cantigas con anotacións musicais. Crese que é a primeira colección que sae dos talleres literarios reais. Nunha nota que aparece neste códice, atribúese a autoría de 100 cantigas ao rei Afonso X. Na actualidade está depositado na Biblioteca Nacional de Madrid.

3. O *Manuscrito da Biblioteca Nacional de Florencia*

Este manuscrito está formado por un conxunto de 104 cantigas. Preséntase incompleto: faltan estrofas; quedan viñetas sen debuxar e as liñas de música aparecen sen cubrir.

4. O *Códice do Escorial (II)*

Tamén se coñece polo nome de *Códice dos músicos*.

Formado por dous volumes que constitúen verdadeiras marabillas bibliográficas polo número e a beleza das súas miniaturas, contén ao redor de 700 composicións con anota-

cións musicais. Son importantísimos documentos que falan ademais da indumentaria e costumes da época.

Baseándose nas diferenzas que existen entre os catro manuscritos, no número de cantigas, ilustracións e miniaturas que contén e noutros datos de interese, os críticos e estudosos desta obra alfonsina chegaron á conclusión de que a súa redacción debeu de facerse entre 1257 e 1283. O primeiro manuscrito redactado foi o *Códice de Toledo* e o *do Escorial (II)* o último, que é tamén o máis completo.

1.1. As fontes das Cantigas de Santa María

O culto á Virxe María acrecéntase a partir do século XI, aínda que os seus devotos honrábana desde moito tempo atrás. A devoción mariana estaba en auxe nese século e frades, clérigos e cabaleiros, en xeral, participaban dela. O rei alentaba nas súas cantigas a poetas e xograres para que dedicasen os seus esforzos e inspiracións á Santa Dama.

As *Cantigas de Santa María* van ser compostas nun ambiente de gran incremento desta devo-



O *Códice dos músicos* contén ao redor de 700 composicións e destaca pola beleza das súas miniaturas

ción mariana, de maneira que constitúen o cancioneiro relixioso da lírica galego-portuguesa, que promovido por Afonso X, se integra dentro do conxunto de cancioneiros marianos do occidente medieval. O rei Afonso é un gran devoto da Virxe e vai traballar cun equipo de colaboradores entre os que hai poetas, tradutores e músicos que recorreron a textos marianos latinos e en lingua romance; a relatos orais de milagres de diferentes procedencias; a experiencias do rei e outras persoas «ás que lles ocorreron milagres».

As principais fontes das que beben as *Cantigas de Santa María* son:

-As coleccións marianas existentes na época nas distintas linguas romances.

-Libros sobre santuarios marianos.

-Narracións orais de milagres realizados pola Virxe beneficiando aos seus devotos.

As composicións que constitúen as cantigas presentan gran variedade de metros aínda que a maioría teñen a forma do *zéjel* árabe.

1.2. Clasificación das Cantigas de Santa María

Estas composicións pódense clasificar en dous grupos segundo predomine nelas a función lírica ou a narrativa:

1.2.1. As cantigas líricas ou de encomio á Virxe

Expresan un encomio ou loor á Nosa Señora. Son unha transposición ao divino nas que a Señora é a Virxe á que ama o rei-trobador.

Esta doa que teño por Senhor
e de que quero seer trobador,
se eu per ren poss´aver seu amor,
dou ao demo vos outros amores.

Estas cantigas forman un primeiro grupo máis reducido que o seguinte (posto que por cada nove cantigas de milagres aparece unha de loor á Virxe; é dicir, están constituídas polos poemas cuxo número de orde é múltiplo de dez). As cantigas de loor ou encomio son poemas serios, profundos, case místicos, nos que en lugar de cantar os milagres da Virxe reflexiónase sobre ela, como nunha oración.

Nas cantigas de loor á Virxe reflexiónase sobre ela, como nunha oración

Santa Maria,
Strela do dia,
mostra-nos via
pera Deus e nos guia.

Ca veer faze-os errados
que perder foran per
pecados entender de que mui culpados
son; mais per ti son perdõados

Considérase que as *Cantigas de Santa María* son unha obra mestra da Idade Media

dá ousadia
que lles fazia
fazer folia
mais que non deveria.
Santa Maria...

Amostrar-nos deves carreira
por gãar en toda maneira
a sen par luz e verdadeira
que a túa dar-podar senlleira;
ca Deus a ti a outorgaria
e a querria
por ti dar e daria.
Santa Maria...

Guiar ben nos pod' ou teu siso
mais ca ren pera Parayso
ou Deus ten senpre goy' e riso
pora quen no crer quixo;
e prazer-m-ia
se che prazia
que foss' a mia
alm' en tal compannia.
Santa Maria...



En 1980 dedicouse o día das Letras Galegas a Afonso X, motivo polo que a Real Academia editou unha publicación conmemorativa

AFONSO X: O REI TROBADOR

No prólogo das cantigas, Afonso X defínese como rei trobador

Tanto nos textos das cantigas como nas miniaturas do *Códice rico* faise alusión a Afonso X como trobador, aínda que non se sabe con certeza se o propio monarca escribiu parte da música das *Cantigas de Santa María*. El mesmo se define como «trobador» e si que o é desde diversos aspectos terminolóxicos.

Xa no prólogo non deixa lugar a dúbidas sobre as súas intencións de loar á Santa Virxe e cantar os seus milagres: "[...] Fez a onrr' e a loor da Virgen Santa María, en que ele muito fia y quien dos miragres seus fezo cantares e sões...; e mesmo chamándose «trobador de Santa María»: [...] O que quero é dizer loor da Virgen [...] e por aquest´ eu quero seer oy mais seu trobador, e rogo-lle que me queira por seu trobador e que queira meu trobar reçeber".

Nun gran número de viñetas aparece o rei trobando xunto á Virxe.
De todas elas chama a atención a familiaridade coa que trata á Virxe (sinálaa coa man, ás veces asemella que a vai tocar, ou suxeita o seu manto cun xesto de acercamento especial), algo excepcional na iconografía da época.



Existen outras cantigas nas que a Virxe fai milagres

1.2.2. As cantigas narrativas ou de milagres

Este grupo de poemas fórmano as cantigas da Nosa Señora, nas que o tema está formado por encomios a Santa María e é un verdadeiro compendio de historias, milagres, xogos, etc., relacionados coa Virxe, ben sexa pola súa intervención directa ou polos amores místicos que a súa figura xera nas almas piadosas.

Neste tipo de composicións cóntanse os milagres que tiveron lugar sobre os devotos da Nosa Señora. En todas as cantigas deste tipo a organización do relato segue a mesma estrutura:

1. Resumo breve da historia que se vai contar.

2. Presentación do protagonista e relato do problema que lle preocupa.

3. Petición de axuda á Virxe ou peregrinación a un santuario dedicado a ela.

4. Intervención da Virxe realizando un milagre.

5. Admiración xeral acompañada de agradecementos e encomios a Santa María.

Tras realizar o milagre, as cantigas reflicten o agradecemento dos devotos

En canto á súa estrutura formal, estas cantigas relixiosas do rei Sabio están máis elaboradas que as profanas, tanto desde o punto de vista literario como musical; pero coinciden coas profanas no uso do refrán, que é utilizado polo rei-poeta de forma maxistral para guiar a nosa lectura.

O texto do refrán exponnos o contido xeral da composición, e o milagre –nas can-

tigas narrativas– ou o encomio –nas líricas– expresa o contido particular.

Afonso X indícanos, por medio do refrán, cal debe ser a lectura correcta do milagre, o exemplo que debemos aprehender.

O refrán posúe unha función musical e teolóxica; unha función musical, porque guía a melodía da cantiga; e unha teolóxica, porque permite que se repita unha e outra vez a lección que o autor nos quere transmitir por medio do texto.

As *Cantigas de Santa María* constitúen unha obra mestra da Idade Media, xa que non existe outra obra artística desta época que combine de forma tan sublime letra, música e miniaturas.

Como manuscrito iluminado, policromado, quíxose ver nas *Cantigas de Santa María* a primeira historieta da península Ibérica e un dos primeiros exemplos do cómic en Occidente, anticipando recursos de sintaxes para expresarse por medio da imaxe; elementos que tardarían sete séculos en desenvolverse de novo.



O rei Afonso X era un gran devoto da Virxe, como queda patente nas composicións

UNHA CANTIGA DE MILAGRES

Como manuscrito iluminado e policromado, quíxose ver nas cantigas o primeiro cómic da península Ibérica

CANTIGAS DE SANTA MARÍA

A Virxe libra a un devoto seu do ataque dos mouros

Aos seus acomendados
a Virgen tost'á librados.

De mortes e de prijoes;
e por aquesto, varoes,
sempr'vos bozos coraçoes

nela sejan asinados.
Aos seus acomendados...

Fora caer en cativo
ou jazia tan esquivo,
que non cuidou sair vivo
ante marteiros dobrados...\par

Aos seus acomendados...

Jazia e en escura
carçer e en gran ventura
de morrer. Poren na pura
Virxe tornou seus coidados...\par

Aos seus acomendados...

A Virgen groriosa,
Nai de Deus piadosa,
porque sempr´é poderosa
d´acorrer aos coitados.

Aos seus acomendados...

Afonso X: o monarca

➜ Afonso X é unha das figuras máis importantes da historia de España. Naceu o 23 de novembro de 1221 en Toledo, fillo do monarca Fernando III e Beatriz de Suabia. Casou con Violante de Aragón, filla de Xaime I o Conquistador no 1249 e reinou en Castela e León dende o 1252 ata 1284. Cando morreu o seu pai, Afonso continuou a ofensiva contra os musulmáns (dentro do proceso da Reconquista) ocupando as

Estatua de Afonso X o Sabio situada fronte a Biblioteca Nacional en Madrid

fortalezas de Xerez (1253) e Cádiz (1262). Durante gran parte do seu reinado aspirou a ser coroado emperador do Sacro Imperio romano xermánico. A oposición do Vaticano fíxoo fracasar no seu empeño, no que triunfou finalmente Rodolfo de Habsburgo no 1273, renunciando Afonso en 1275 ante o papa Gregorio X. Non tivo moita sorte na política e mesmo o seu fillo Sancho conspirou contra el. Enfrontouse ás rebelións dos mudéxares levantinos e benimerines.

Dos seus trinta e dous anos de mandato os últimos foron os máis sombríos. Desde 1272, un sector da alta nobreza encarouse a el. Ademais, a morte en 1275 do infante Fernando, primoxénito de Afonso X, abriu unha batalla pola sucesión. Os fillos de Fernando –os chamados infantes da Cerda– pugnaron polo trono co infante Sancho, segundo fillo de Afonso X, que finalmente quedan co reinado ao que accedeu en 1284, tras a morte do seu pai.

Afonso X foi un home intelixente e un gran administrador. No plano económico impulsou o comercio interior no seu reino coa concesión de feiras a moitas vilas. Ademais, fixou un sistema fiscal e aduaneiro avanzado que serviu para potenciar os ingresos da facenda rexia. Un dos seus grandes logros en asuntos económicos foi o recoñecemento xurídico do Honrado Concejo de la Mesta, a institución que aglutinaba os intereses da gandería trashumante do reino.

Pero foron os seus grandes éxitos no terreo da cultura os que lle deron con xustiza o apelativo do Sabio. Nesta área demostrou, non só a súa intelixencia, senón tamén a súa capacidade como poeta. Xa de neno, a súa educación foi esmerada, tiña moito interese por saber e gran respecto á cultura infundido, en gran parte, pola súa nai. Neste campo foron moitos as consecucións obtidas, a súa nota máis singular foi a vinculación simultánea a Oriente e Occidente. No seu mandato desenvolveuse na Coroa de Castela unha cultura que daba

cabida a ingredientes cristiáns, musulmáns e xudeus. Esta colaboración entre culturas ten a súa máxima expresión na Escola de Tradutores de Toledo. Ademais da súa faceta como poeta e o seu espléndido repertorio de cantigas, destaca en astronomía coas *Tablas astronómicas alfonsíes* (elaboradas en 1272) e obras feitas por él e os seus colaboradores como *Estoria de España* e a *Grande e General Estoria*, escritas en romance como mostra do gran apoio do monarca ao castelán.

Os logros no terreo da cultura foron os que lle deron o apelativo do Sabio

As entrañas de Afonso X o Sabio, encóntranse nunha urna no presbiterio da catedral de Murcia, procedentes da capela real do Alcázar murciano. O propósito do monarca era que fosen levadas ao monte Calvario, en Terra Santa, pero nunca chegou a cumprirse a súa vontade e no ano 1525, a petición da cidade de Murcia e por orde do emperador Carlos V, foron trasladadas ao lugar no que hoxe están. ✸



O contexto cabaleiresco volve a estar presente nos xéneros poéticos menores

OUTROS XÉNEROS POÉTICOS MENORES 2

Ademais dos tres grandes xéneros da poesía medieval: as cantigas de amor, as de amigo, e as de escarnio ou maldicir, atopamos un grupo de composicións de difícil clasificación, que denominaremos xéneros menores. Entre eles, os máis destacados son:

2.1. A PASTORELA

Neste tipo de composicións nárrase o encontro entre un cabaleiro e unha pastora. Xeralmente estas cancións presentan diálogos nos que o cabaleiro solicitaba o amor da moza e acababa coa aceptación ou o rexeitamento por parte da muller. Algunhas pastorelas teñen similitudes con poemas provenzais; outras, enraízanse na tradición popular. De todos os

xeitos parece ser que estas composicións líricas constitúen o precedente da *serranilla* castelá.

Pelo souto de Crexente
ua pastor vin andar
muit´alongada dá xente,
alçando voz a cantar,
apertando-se na saia,
quando saia a raia
do sol nas ribas do Sar.

E as aves que voavan,
quando saia lálvor,
todas d´amores cantavan
pelos ramos d´arredor,
mais non sei tal qu´í´stevesse
que na o coidar podesse
senon todo en amor.

Ali ´stivi eu mui quedo,
Quis falar e non ousei,
Emporiso dix´a gran medo:
–Mia señor, falar-vos-ei
um pouco, llo meu-ascuitardes

e ir-me ei, ´quando mandardes,
mais aquí non ´starei.

–Senhor, por Santa Maria,
non estedes mais aquí,
mais ide-vos vossa via;
faredes mesura i,
ca vos que aquí cegaren,
pois que vos aquí acharen,
ben diran que mais ouví.

XOÁN AIRAS DE SANTIAGO

Só se conserva un texto que se autodenomina «pastorela» e pertence ao autor Pedro Amigo.

2.2. A TENZÓN

Esta obra de Afonso X bebe dos libros de santuarios marianos e de narracións de milagres de tradición oral

Este tipo de composicións parece ser que tiveron moito éxito no seu momento, sendo a súa época de apoxeo durante o reinado de Afonso X o Sabio. Con todo, non deixaron de ser unha moda pasaxeira.

Na tenzón aparece o diálogo, como na pastorela, pero esta vez vaise levar a cabo entre dous trobadores. O primeiro propón un esquema métrico que o seu interlocutor opoñente debe continuar. Ambos van manter un diálogo no que emiten opinións contrarias sobre un tema, xeralmente con intención xocosa ou satírica.

A tenzón é un diálogo no que se debate dun tema en tono satírico

–Rei, D. Afonso, se Deus vos pardon,
desto vos venho í preguntar;
ora punhade do meu dar
tal recado, que seja con razón:
quen dá seu manto, que lho guard´alguen,
e lho nave dá tal qual ou deu, poren,
que manda ´ou Libro de Leon?

–Don Vasco, eu fun já clerizon
e Degreda soía estudar;
e nas escolas, ou soía entrar,
dous maestres aprendi tal liçon:
que manto doutren non filhe per ren;
mais se méu ou melhoro, faço ben,
e non soo, por aquesto, ladron.

VASCO GIL E AFONSO X

2.3. O pranto (choro en castelán)

As tenzóns tiveron moito éxito durante o reinado de Afonso X

Esta composición ten a súa orixe no *planctus* latino e é continuadora do *planh* provenzal. Consérvanse cinco poemas deste tipo: catro da autoría de Pero da Ponte e outro do xograr leonés Joán.

O pranto é un canto á memoria dun personaxe morto, xeralmente un nobre, quen adoitaba ser, en vida, protector do poeta que na súa composición recórdanos a súa liñaxe, encomia as súas virtudes e pide oracións pola súa alma, como agradecemento aos favores recibidos.

Nostro Señor Deus! Que prol vos ten ora
por destroirdes este mund´assi,
que a melhor doa que era i,
nem ouve nunca –vossa medre fora–
levastes end´? E pensastes mui mal
d´aqueste mundo falsé desleal;
que, quanto bem aqueste mund´avia,
todo lh´ou vos tolhestes em um dia!
Que pouc´ome, por em, pre(e)z(a)r devia

este mundo, pois bomdad´i nom val
contra morrer! E pois o así fal,
seu prazer face quem per tal mundo fia;
ca ou dia que eu tal pesar vin,
ja, per´quant eu déste mund´entendi,
per fol tenhéu quem por tal mundo chora,
e per mais fol quem mais em o(e) moura!
Em forte ponto e em forte ora
fes Deus ou mundo, pois nom leixou i
nenhum conort(ou) e levou d´aquí
a bona Rainha, que end´e fora,
Doa Beatriz! Direi-vos eu qual:
nom fez(ou) Deus outra melhor nem tal,
nom de bondade par nom lh´acharia
home non mundo, par Santa Maria!

PERO DA PONTE

Consérvanse poucas composicións dos coñecidos como xéneros menores

2.4. O DESCORDO

Este tipo de composición consiste nun poema triste e apaixoado no que un namorado e a súa dama tratan temas sentimentais. As cancións deste tipo que se conservan adoitan presentar irregularidades na forma e ata diferentes linguas nun mesmo poema.

Agora me quer'eu espedir
dá terra e dás xentes que i som,
ou a miña Deus tanto de pesar mostrou,
e esforçar mui bem meu coraçom
e ar pensar de mír alhur guarir;
e a Deus gradesco porque m'em vou.
.....\par

Assi querrei
buscar
viver
outra vida que provarei,
e meu descord'acabarei.

NUN'EANES CERZEO

A prosa medieval céntrase en dúas temáticas: o ciclo artúrico ou bretón e o clásico ou troiano

A PROSA MEDIEVAL 3

A literatura medieval máis coñecida é a poesía lírica e sobre todo as cantigas. Con todo, tamén existiu unha produción en prosa de obras que traducen ou refunden textos escritos noutras linguas, xeralmente procedentes de textos bíblicos ou clásicos, xa que o escritor medieval non produce unha obra orixinal senón que imita modelos.

Os textos en prosa que se conservan son escasos debido a que os textos seguían escribíndose en latín. Isto débese á ausencia dunha corte política en Galicia que impulsase este xénero.

O SANTO GRAAL

Segundo conta a tradición, o Santo Graal foi a copa utilizada por Xesucristo na Última Cea. Ademais, Xosé de Arimatea recolleu nela o sangue e suor de Cristo crucificado. Despois da morte de Cristo, seguindo esta tradición, Xesús resucitado aparécese ante Xosé de Arimatea e ordénalle que leve o cáliz a illa de Britania. Unha vez alí, Xosé establece unha dinastía de gardiáns do Graal que se encargarían durante séculos de mantelo a salvo e agochado.

A busca do Santo Graal xerou centos de relatos, novelas e guións de cine, e é un elemento importantísimo nas historias relacionadas co ciclo artúrico onde se combinan antigos mitos celtas e tradicións cristiás.

O primeiro autor que nomea ao Graal é Chrétien de Troyes en *Perceval*

(tamén coñecida como *O conto do Graal*), pero a tradición máis popular onde se espiritualiza o Graal de Chrétien, convertíndoo no «Santo Graal», é na obra de Robert de Boron (*Xosé de Arimatea* e *A historia do Santo Graal*). O autor inglés dota de contido ao relato máis estendido da copa usada por Cristo na última cea. Este foi o punto de partida de dúas historias paralelas que xerarían grandes intrigas: por un lado, as relacionadas coa busca do Santo Graal e por outro as que se centran na propia historia do cáliz de Xosé de Arimatea.

A tradición di que o Santo Graal foi a copa usada por Xesucristo na última cea



Os monarcas patrocinaban as obras dos cronistas na época medieval

Unha gran parte da produción prosística medieval está en relación coa situación política do momento, dado que eran os mesmos monarcas e os nobres os que patrocinaban aos cronistas.

Con todo, en Galicia, as producións en prosa son escasas debido, por unha banda, á ausencia dunha corte política «in situ» e, por outra, a que a Igrexa, o outro poder forte, aínda seguía escribindo os seus textos en latín.

3.1. Clasificación temática

En canto aos temas que aparecen nestas obras en prosa, podemos clasificalas nos seguintes apartados:

3.1.1. Ciclo clásico ou troiano (Materia de Troia)

Durante a Idade Media, as historias relacionadas coa Guerra de Troia –poetizada por Homero– tiveron moito éxito en toda Europa. A partir do século XII transmítense as lendas sobre a destrución da cidade grega de Troia a través da novela do francés Benoît de Saint Maure titulada *Lle roman de Troie*.

Na nosa literatura galega conservamos dous textos relacionados coas lendas troianas. Ambos están datados no século XIV e son:

a) **A crónica troiana.** Trátase dun manuscrito de finais do século XIV que se conserva na Biblioteca Nacional de Madrid. Fernam Pérez de Andrade encarga a versión en galego a Fernam Martins. Nela nárrase a Guerra de Troia desde os primeiros momentos da súa fundación ata a súa total destrución.

b) Outro texto é o titulado **A historia de Troia**, coñecida tamén como **Historia troiana**. O manuscrito, do século XIV, consérvase na Biblioteca Menéndez Pelayo de Santander. Presenta un texto bilingüe galego castelán.

A GUERRA DE TROIA

Os sucesos da guerra de Troia atópanse mesturados coa mitoloxía e a lenda, non sendo doado diferenciar entre a realidade e o mito. O conflito bélico enfrontou a unha coalición de exércitos contra a cidade de Troia e os seus aliados.

Troia era unha das cidades máis importantes da antigüidade, situada no que sería hoxe unha das zonas marítimas da costa de Turquía. Unha privilexiada situación como ponte comercial entre Oriente e Occidente puido ser o desencadeante da loita, aínda que o mito, segundo Homero, derivou dunha muller, Helena de Esparta.



Di a lenda que Paris, fillo de Príamo rei de Troia, rapta a Helena, a muller de Menelao, rei de Esparta. Para rescatala, Menelao solicita a axuda do seu irmán Agamenón, rei de

Mecenas, e xuntos comezan a guerra a Troia, unha longa loita que rematou a favor do bando grego.

A guerra tivo un papel fundamental na mitoloxía grega e só das narracións arredor dela sobreviviron intactas a *Ilíada* e a *Odisea*, ambas de Homero. Na *Ilíada* falase dun dos episodios finais desta guerra mentres que na *Odisea* relátanse as aventuras de Ulises e o seu fillo Telémaco.

a lenda que
gregos
ganaron aos
pianos
nstruíndo un
balo enorme
azas ao que
soldados
ideron entrar
cidade



Ata principios do século XX, pensábase que Troia era unha cidade mitolóxica que só estivera na mente de Homero. O arqueólogo alemán Heinrich Schliemann rescatou das ruínas o que fora a cidade e investigadores e comunidade científica comezaron a cuestionarse o relato como certo.

As aventuras do rei Arturo e os cabaleiros da Táboa Redonda son o centro temático de tres manuscritos en galego-portugués que aínda se conservan

3.1.2. Ciclo artúrico ou bretón (Materia de Bretaña)

Consérvanse tres obras relacionadas con este ciclo escritas en galego-portugués. Nelas fálase das aventuras do rei Arturo e os cabaleiros da Táboa Redonda, sempre en busca do Santo Graal. O Graal é o vaso sacro que utilizou Xesucristo na última cea; o seu discípulo, Xosé de Arimatea recolleu nel o sangue de Xesucristo cando foi crucificado.

Nestes textos aparecen elementos propios do espírito cabaleiresco do amor cortés mesturados con outros cristiáns.

Durante os séculos XII e XIII, as novelas de tema artúrico difundíronse por toda Europa.

Os libros aos que nos referimos son:

1. O libro de Xosé de Arimatea.

Neste texto nárranse as orixes e significado deste sacro cáliz e o seu traslado desde

Xerusalén ata Bretaña. O manuscrito é do século XVI; consérvase en Lisboa e é unha copia doutro anterior.

2. Un Fragmento do libro de Merlín.
No que se contan as profecías do mago Merlín, as aventuras do rei Arturo e a súa famosa espada, Escalibur. O manuscrito, do século XIV, atópase na Biblioteca de Cataluña, en Barcelona.

3. O libro da demanda do Santo Graal.
Este libro relata as aventuras dos cabaleiros do rei Arturo na procura do cáliz santo denominado Santo Graal. Aparecen como personaxes destacados a raíña Xenebra, Carlomagno, Lanzarote, os cabaleiros Perceval, Galahaz e Boors que se moven dentro e fóra do reino de Camelot. O manuscrito atópase na Biblioteca de Viena e é do século XV.

Pertencente ao Ciclo artúrico ou bretón consérvase tamén un extenso fragmento do *Libro de Tristán*, no que se relata o fervente amor que se profesaban os dous protagonistas principais, Tristán e Isolda. O manuscrito é de finais do XIV.

O rei Arturo na literatura

➜ Sen dúbida, o ciclo artúrico é un dos temas máis relevantes da literatura universal. Presenta certa base histórica xa que se recoñece a existencia dun rei, *Arthur*, que mandou na Bretaña na época das invasións

saxonas. A historia real fusionouse cun bo número de lendas e mitos e converteuse nun dos tres grandes ciclos da literatura medieval xunto coa Materia de Francia (Carlomagno) e a Materia de Roma (mitoloxía clásica). Hai varias fontes orixinais a partir das cales se desenvolve a literatura artúrica:

- **Historia dos reis de Bretaña**, *de Geoffrey de Monmouth (XII). Arturo amósase como un gran rei cunha corte cabaleiresca en Camelot.*

- **Historia de Merlín** *(XIII). Elaboración en prosa baseada na obra de Robert de Boron.*

- **Roman de Brut**, *de Norman Wace, centrado na parte máis cortés da historia.*

- **Perceval ou O conto do Graal**, *de Chrétien de Troyes. Incorpora a dous personaxes esenciais: Lanzarote e Perceval.*

- **Lanzarote en prosa**, *de Gautier Map (XIII). Composto de* Historia de Lanzarote do Lago, A busca do Santo Graal e A morte do rei. ✸

As letras capitulares dos manuscritos medievais resaltan polo seu detalle

A HISTORIOGRAFÍA 4

Como historiografía entendemos o conxunto de textos que narran feitos históricos. Moitas veces a finalidade destes escritos era propagandística, ao servizo daquela persoa que os encargaba. Os motivos polos que se encomenda a redacción de obras destas características eran diversos:

1. Para demostrar a lexitimidade dun señor no seu cargo.

2. Para testemuñar, mediante argumentos e documentos, a superioridade da liñaxe dunha persoa.

3. Para deixar constancia para a posteridade das fazañas que realizara na súa vida un determinado personaxe.

Estas recompilacións constitúen verdadeiras obras literarias, máis que documentos históricos, xa que nelas aparecen elementos fantásticos, lendarios, novelescos, etc. que se afastan do rigor que debe ter todo texto historiográfico.

Un apartado de importancia, dentro da prosa medieval, constitúeo o grupo de versións ou traducións de textos casteláns ou latinos.

4.1. Temática

Segundo os temas que aparezan nos textos podemos clasificar estas producións nos seguintes apartados:

4.1.1. A Crónica Xeral Galega

É unha obra incompleta, transmitida por dous manuscritos de finais do XIII ou principios do XIV. Trátase dunha tradución ao galego das crónicas de Afonso X o Sabio, tanto da *Crónica Xeral* como da *Crónica de Castela*.

4.1.2. A General Historia

É unha tradución máis da obra do mesmo título de Afonso X; está datada na primeira metade do século XIV e, do mesmo xeito que a obra anterior, tamén está incompleta. O rei Afonso e os seus colaboradores pretendían contar, neste texto, a historia do mundo coñecido ata o reinado do rei Sabio.



Os documentos históricos medievais tratan de deixar constancia para a posteridade das fazañas dun determinado personaxe

4.1.3. A Crónica Xeral de 1344

Esta recompilación histórica titúlase deste xeito por situarse a redacción dela no ano 1344. O seu contido está baseado na primeira *Crónica Xeral de España*, do rei Afonso.

4.1.4. A Crónica Galega de 1404

Deste texto consérvanse dous manuscritos, un deles bilingüe. A *Crónica Galega* pretende ser unha recompilación da historia de España dividida en catro partes:

1. Abarca desde a creación do mundo ata a chegada dos visigodos á península Ibérica.

2. Comprende desde as invasións bárbaras ata o reinado de Ramiro I.

3. Narra a historia que vai desde o reinado de Ramiro I ata o de Fernando III o Santo.

4. Relata os acontecementos históricos sucedidos desde o reinado do rei Santo ata o de Enrique III de Castela.

Da etapa estritamente galega é obrigado destacar:

4.1.5. A Crónica de Santa María de Iria

O seu autor parece que pode ser o clérigo Ruy Vázquez, que a firma. Está datada na segunda metade do século XV. Este códice consérvase na catedral de Santiago de Compostela; nel explícase a fundación da Igrexa de Iria polo rei suevo Miro; a importancia que chegou a ter e a relación que mantiña coa catedral de Santiago de Compostela. Faise mención expresa ao labor benefactor de Diego Xelmírez na zona de Iria.



4.1.6. Os Libros de Liñaxes

Todos os tratados afirman que estes libros están constituídos por catro tomos, cuxos títulos son: *Primeiro libro vello, Segundo libro vello, Nobiliario*



DE LOS REYES.

Vna, que el propio y primero motiuo y mouimiento, fue por intereſſes y ambiciones y codicias, no por dar buena orden ni regimiento en el Reyno. Otra, que en sus hechos la forma y ua torcida y errada con escandalos y rigores: la qual muchas vezes suele dañar la materia, y assi concluyendo digo mi parecer, que de todos estos males fueron causa los pecados de los Españoles, assi de auer vn Rey remisso y negligente, como de vn caualliero auer tanta presumpcion y osadia de mandar y gouernar tan grandes Reynos y Señoríos, no escusando la codicia de los grandes caualleros. Plega a nuestro Señor, que pues nuestros pecados que desto son causa, no cessan ni se corrigen, que aun antes se dize y aun se cree que se multiplican y agrauan, assi en qualidad como en cantidad, que las penas no crezcan con los pecados, mas por su infinita misericordia interediendo su santissima madre, se mitigue y amanse su sentencia, dando tan deuotos pueblos que merezcan auer buenos Reyes. Ca mi gruessa y material opinion es esta que ni buenos temporales, ni salud, no son tanto prouechosos y necessarios al Reyno, como justo y discreto Rey, por que es Principe de paz: y nuestro Señor quando partio desde mundo en su testamento y postrimera voluntad no nos dexo sino la paz. Y esta buena regla puede dar el que tiene lugar de Dios, la qual no puede dar el mundo segun la Yglesia canta. Quam mundus dare non potest.

(2)

LAVS DEO.

FIN DE LA CORONICA DEL REY don Iuan el segundo. Corregida por el Doctor Lorenço Galindez de Carauajal, del Consejo del muy alto y poderoso Emperador don Carlos nuestro señor, y su Relator referendario, Cathedratico de prima en el estudio de Salamanca. Impressa con licencia del consejo Real, en la ciudad de Pamplona, a veynte dias del mes de Março, del año de mil y quinientos y nouenta.

A historia dos reinados era reflictida nalgunhas obras medievais

de Ajuda e *Nobiliario do conde don Pedro*. Con todo, o especialista en literatura medieval Xosé Ramón Pena, profundando no estudo dos mesmos, precisa que os dous últimos libros, son, en realidade, dúas versións distintas do mesmo texto.

O conxunto de libros foi redactado entre a segunda metade do século XIII e a primeira do século seguinte. Os textos presentan recompilacións xenealóxicas escritas de forma narrativa, moi coidada para a época na que se escriben.



En Galicia, consérvanse poucos libros sobre a vida dos santos debido á pervivencia do latín e ás versións en castelán



A HAXIOGRAFÍA 5

Entendemos por haxiografía o conxunto de historias ou relatos sobre a vida dos santos. A Igrexa na Idade Media crea uns textos cuxa procedencia son outros anteriores de tradición oral ou procedentes de textos latinos, coa finalidade de exemplarizar ás xentes de todos os niveis sociais.

Así como en Portugal consérvanse documentos desta índole, en Galicia posúense moi poucos, debido aínda á pervivencia do latín ou ás versións existentes en castelán. Debemos pensar, polo tanto, nunha tradición de transmisión oral.

Entre os textos que se conservan aparecen as narracións tituladas *Milagres de Santiago*, que veñen a ser unha versión do século XV do *Liber Sancti Jacobi* (máis coñecido como *Códice Calixtinus*). O manuscrito áchase, incompleto, na Biblioteca Nacional de Madrid.

A Igrexa medieval utiliza as historias de santos de xeito exemplarizante para chegar a todos os estratos sociais

Nestes *Milagres de Santiago* aparecen gran diversidade de temas, como series de milagres atribuídos ao Apóstolo ou referencias á historia lendaria de Carlomagno.

O *Boosco Deleitoso* é o nome co que se coñece un manuscrito elaborado entre finais do século XIV e principios do XV en Portugal. Presenta unha serie de reflexións sobre as *Sacras Escrituras*, acompañadas de exemplos moi didácticos e edificantes que pretenden guiar aos homes enredados nos negocios para atraelos á vida espiritual.

A lírica galego-portuguesa medieval vai desaparecer repentinamente, logo de ter momentos de esplendor durante 150 anos. Entre as explicacións que se barallan para explicar esta decadencia fulminante, atópanse unha serie de condicionamentos políticos e culturais que foron estudados en profundidade polo especialista na materia Xosé Ramón Pena.

A literatura galega vai sufrir, polo tanto, logo da etapa medieval, un longo período de silencio que durará os séculos XVI, XVII e XVIII e que se coñecerá como os Séculos Escuros.

BIBLIOGRAFÍA DOS TOMOS 1 A 4

ALONSO GIRGADO, LUÍS: **AS CANTIGAS GALEGO-PORTUGUESAS.** Tres tomos. Hércules de Edicións. A Coruña. 1991.

ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, X.M.: **ESCOLMA DE POESÍA MEDIEVAL (1198-1354)**. Ed. Castrelos. Pontevedra. 1975.

ASENSIO, E.: **POÉTICA E REALIDADE NO CANCIONERO PENINSULAR DA IDADE MEDIA.** Gredos. Madrid. 1970.

BELTRÁN, VICENTE: **A CANTIGA DE AMOR.** Ed. Xerais. Vigo. 1995.

CURRAL DÍAZ, E.: **AS ABRANDARES NAS CANTIGAS MEDIEVAIS.** Ed. do Castro. A Coruña. 1996.

FERREIRO, MANUEL E M. PEREIRO, CARLOS PAULO: **CANTIGAS DE AMIGO. ANTOLOXÍA.** A Nosa Terra. Vigo, 1996.

CANTIGAS DE ESCARNIO E DE MALDICIR. ANTOLOXÍA. A Nosa Terra. Vigo, 1996.

GÓMEZ SÁNCHEZ, ANXO E QUEIXAS ZAS, MERCÉS: **HISTORIA XERAL DA LITERATURA GALEGA.** Edicións A Nosa Terra. Vigo. 2001.

GUTIÉRREZ GARCÍA, S.: **ORIXES DE MATERIA DE BRETAÑA. A HISTORIA REGUM OU BRITANNIAE E PENSAMENTO EUROPEO DO SÉCULO XII.** Xunta de Galicia. Centro Ramón Piñero para a investigación en Humanidades. Santiago de Compostela. 2002.

P. LORENZO GRADÍN: **A LITERATURA ARTÚRICA EN GALICIA E PORTUGAL NA IDADE MEDIA.** Servizo de Publicacións e Intercambio Científico. Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela (colección Biblioteca de Divulgación, Serie Galicia, 25). 2001.

GUTIÉRREZ ESQUERDO, RAMÓN: **LECTURAS DE NÓS.** Ed. Xerais. Madrid.2000.

LANCIANI, G. E TAVANI, G.: **AS CANTIGAS DE ESCARNIO.** Ed. Xerais. Vigo. 1995.

MONTEAGDO, H., POZO GARZA, L., ALONSO MONTERO, X.: **TRES POETAS MEDIEVAIS DÁ RÍA DE VIGO. MARTÍN CODAX, MENDIÑO E XOHÁN DE CANGAS.** Galaxia. Vigo. 1998.

NUNES, JOSÉ JOAQUÍN: **CANTIGAS DE AMIGO DOUS TROBADORES GALEGO-PORTUGUESES.** Edición crítica. Lisboa. 1973.

RESENDE DE OLEVEIRA, A.: **TROBADORES E XOGRARES. CONTEXTO HISTÓRICO.** Ed. Xerais. Vigo. 1995.

PENA, XOSÉ RAMÓN: **HISTORIA DA LITERATURA MEDIEVAL GALEGO-PORTUGUESA.** Ed. Sotelo Branco. Santiago de Compostela. 2002.

LITERATURA GALEGA MEDIEVAL.I. A HISTORIA. Ed. Sotelo Branco. Barcelona. 1986.

LITERATURA GALEGA MEDIEVAL.II. ANTOLOXÍA (LÍRICA E PROSA). Ed. Sotelo Branco. Barcelona. 1986.

MANUAL E ANTOLOXÍA DÁ LITERATURA GALEGA MEDIEVAL. Ed. Sotelo Branco. Santiago de Compostela, 1992.

POLÍN, R.: **A POESÍA LÍRICA GALEGO-CASTELÁ (1320-1450).** Biblioteca de Divulgación da Universidade de Santiago de Compostela. 1994.

RIQUER, MARTÍN DE E RODRÍGUEZ LAPA, H.: **CANTIGAS D´E ESCARNIO E DE MALDICIR DOUS CANCIONEIROS MEDIEVAIS GALEGO-PORTUGUESES.** Ed. Galaxia. Vigo. 1970 (2ª edición).

RODRÍGUEZ LAPA, M.: **LIÇOES DE LITERATURA PORTUGUESA. ÉPOCA MEDIEVAL.** Ed. Coimbra. Lisboa. 1977

TARRÍO VARELA, ANXO: **LITERATURA GALEGA. ACHEGA A UNHA HISTORIA CRÍTICA.** Ed. Xerais. Vigo.1994.

TAVANI, G. A.: **POESÍA LÍRICA GALEGO-PORTUGUESA.** Ed. Galaxia. Vigo. 1986.

VV.AA.: **AS CANTIGAS GALEGO-PORTUGUESAS. TOMO I. -** INTRODUCIÓN E EDICIÓN DE LUÍS ALONSO GIRGADO. Hércules de Edicións. Laracha (A Coruña). 1991.

VV.AA.: **DICIONÁRIO DE LITERATURA MEDIEVAL GALEGA E PORTUGUESA.** G. LANCIANE E G. TAVANI (COORD.). Ed. Caminho. Lisboa. 1993.

VV.AA.: **HISTORIA DA LITERATURA GALEGA. ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA. FASCÍCULOS 1-6.** Ed. A Nosa Terra. Vigo. 1996

VV.AA.: **LITERATURA GALEGO-PORTUGUESA MEDIEVAL.** Ed. Vía Láctea. A Coruña.1987.

VV.AA.: **O CANTAR DOUS TROBADORES.** Centro Ramón Piñeiro. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. 1996.

XACOBEO 2010
Galicia

XUNTA
DE GALICIA

2010
ano da lectura